PROCEDEMENTO DE ADMINISTRACIÓN DE MEDICACIÓN POR VÍA INTRAMUSCULAR

ANEXO I: Preparación do medicamento que se vai administrar por vía parenteral

Os medicamentos inxectables pódense atopar en diferentes tipos de envases:

• Ampolas

• Frascos (en forma líquida ou en po)

• Xiringas precargadas

Preparar cada inxección nunha área limpa designada, para evitar a contaminación por sangue ou fluídos corporais.

Usar unha xiringa e unha agulla estériles para cada inxección e para reconstituír cada dose de medicación. Inspeccionar a embalaxe. Descartar unha agulla ou xiringa se o paquete está roto ou perforado.

Instrucións para cargar nunha xiringa un medicamento inxectable a partir dunha ampola

• Realizar hixiene de mans.

• Extraer a xiringa e a agulla do seu envase, conservando a esterilidade do cono e do émbolo.

• Conectar o cono da agulla de carga co cono da xiringa.

• Coller a ampola e golpear suavemente a súa parte superior cun dedo, así todo o seu contido pasará á parte inferior do recipiente.

• Colocar unha gasa pequena ao redor do colo da ampola co fin de evitar un posible corte.

• Suxeitar a ampola coa man non dominante.

• Romper o colo da ampola cos dedos polgar e índice da outra man.

• Coller a xiringa previamente preparada retirando o capuchón da agulla de carga e inserir esta no centro da boca da ampola.

• Manter a esterilidade da agulla: a punta ou o corpo da agulla non deben de tocar o bordo da ampola. Se isto sucede, desbote o material e reinicie o procedemento.

• Inclinar lixeiramente a ampola e aspirar o medicamento coa xiringa.

• Para mobilizar o émbolo, non debe apoiarse neste, senón nas dúas lingüetas que posúe a xiringa (a do propio émbolo e a do corpo).

• Sacar a agulla da ampola, unha vez cargada toda a medicación.

• Soster a xiringa coa agulla apuntando cara arriba para que o líquido se asente no fondo da primeira.

• Golpear a xiringa cun dedo para favorecer que ascendan as burbullas de aire que se poidan aspirar.

• Tirar levemente do émbolo para que, se queda algo de líquido na agulla, este caia ao corpo da xiringa.

• Empuxar suavemente o émbolo cara arriba para expulsar o aire, procurando que non se perda nada do líquido.

• Desbotar a agulla de carga no contedor de residuos cortantes e punzantes.

• Conectar a agulla que se vaia a utilizar no paciente. Non se recomenda purgar a xiringa con esta última pois hai solucións que, ao contacto co metal, se cristalizan e obstrúen a agulla.



Fonte: Botella C (2011)

Instrucións para cargar nunha xiringa un medicamento inxectable a partir dun vial

• Realizar a hixiene de mans.

• Conectar a agulla de carga á xiringa elixida.

• Retirar o protector da agulla e cargar a xiringa con un volume de aire equivalente ao volume de substancia que se vaia extraer.

• Retirar a tapa metálica do vial. Desinfectar a tapa do frasco, con alcohol de 70º só no caso de frascos multiusos previamente abertos.

• Inserir a agulla polo centro do tapón (é máis delgado e máis doado de penetrar) e inxectar o aire no vial sen deixar que o émbolo se retraia. Se se utilizan viais multidose, sempre se debe perforar o tapón do vial cunha agulla estéril. Non deixe nunca a agulla no tapón do vial. Procurar que o bisel da agulla quede por riba da medicación, sen introducirse nela, pois así evítase a formación de burbullas e facilítase a extracción posterior do líquido.

• Coller o vial coa man non dominante á vez que coa outra se suxeita firmemente a xiringa e o émbolo.

• Inverter o vial. Manter a agulla na mesma posición; agora, ao ter invertido o vial, quedará cuberta polo líquido (prevense a aspiración de aire).

• Permitir que a presión positiva do aire introducido encha pouco a pouco a xiringa co medicamento. Tire un pouco do émbolo se é necesario.

• Volver colocar o vial na súa posición e retirar a agulla do tapón do vial orixinal.

• Desbotar a agulla de carga no contedor de residuos cortantes e punzantes.

• Conectar a agulla que vaia utilizar no paciente. Non se recomenda purgar a xiringa con esta última pois hai solucións que, ao contacto co metal, se critalizan e obstrúen a agulla.

Fonte: Botella C (2011)

Instrucións para a reconstitución do vial con medicación en po

• Ler sempre as instrucións, así saberemos como se debe realizar a mestura, a cantidade de disolvente que se precisa, se se pode desbotar ou non parte de este, cal é a súa composición (ás veces poden conter parte do principio activo ou anestésico), etc.

• Realizar hixiene de mans.

• Conectar a agulla de carga na xiringa elixida e retirar o protector da agulla.

• Cargar o disolvente.

• Introducir a cantidade de disolvente indicada no recipiente que contén o fármaco.

• Rotar o recipiente entre as palmas das mans para homoxeneizar a solución se fose necesario. Nunca axitar a mestura (existe o risco de que se forme espuma e pódense producir cambios que modifique a súa farmacodinamia).

• Cargar a solución novamente na xiringa.

• Desbotar a agulla de carga no contedor de residuos cortantes e punzantes.

• Conectar a agulla que vaia utilizar no paciente. Non se recomenda purgar a xiringa con esta última pois hai solucións que, ao contacto co metal, se cristalizan e obstrúen a agulla.

Xiringas precargadas

Cando a administración de medicación se realice con xiringa precargadas, seguiranse as instrucións do fabricante.